



## Un GES para Caldas. Como dicíamos, unha oportunidade perdida polo Alcalde

O Grupo Municipal do Partido Popular de Caldas de Reis en canto tivemos coñecemento, a principios de este ano 2020, de que a Xunta de Galicia propoñía a ubicación do GES en Caldas de Reis, consideramos que, como cabeceira de Comarca que somos, sería unha gran noticia para a seguridade dos nosos veciños (especialmente agora co tema do Covid19), e así tamén o pensou o representante da FEGAMP e o Alcalde, aínda que lamentablemente logo mudou de postura, pregando a imposición da Presidencia da Deputación de Pontevedra, e dicir, antepoñendo os intereses do seu partido a os dos veciños do seu Pobo, algo habitual tendo en conta o comportamento do seu partido co remanente de tesoureira dos Concellos.

Pois ben, pese a dicir que era unha mazan envelenada para xustificar ter mudada a súa postura, tras dicir que non o quería, o concello de Moraña gobernado polo Partido Popular o aceptou con sumo gusto. Agora nun acto de demagogia vimos de ver como argumenta para esta desfeita que a recente sentenza do GES de Valga ven de confirmar a súa negativa, pois ben, so temos que dicir que se lle remorde a conciencia ter perdido este servizo para o noso Pobo non debe xustificarse; a realidade non se pode manipular, **o Concello de Moraña, onde se vai a ubicar o GES, non foi condenado en ningún extremo nin resulta afectado por este sentenza, e polo tanto se nos estivésemos no seu lugar tampouco tería costes para Caldas de Reis, esa sentenza afecta exclusivamente o concello de Valga, como indica o texto da mesma.**

**O intento de vincular a sentenza laboral do Concello de Valga con Caldas de Reis ou Moraña e unha lamentable manipulación, das habituais, do noso Alcalde, posto que a referida resolución xudicial nin afecta, nin menciona, nin ten repercusión algunha para ningún dos dous concellos, confirmando o que nos lle dicíamos.**

**A realidade e que o GES se vai a constituír en Moraña, que esta sentenza non muda a súa postura, que non ten repercusión algunha para ese concello veciño, e que si non está operativa a día de hoxe e unicamente porque os trámites administrativos van demorados pola crise do Covid19 e pola actitude obstrucionista da Deputación de Pontevedra, por certo, gobernada polo partido do Alcalde.**

**Ese exceso de celo do noso Alcalde sobre as sentencias laborais dun concello veciño, tería que aplicalo na súa lamentable xestión de persoal,** temos demandas de sindicatos contra os orzamentos municipais pola súa política de persoal, actas de inspección por incumprimento das medidas laborais, ou obrigando a conversión de persoal laboral eventual en indefinido, sentencias condenatorias por modificar as condicións de traballo de persoal de limpeza, sentencias en relación co persoal do CIM e sobre todo o caso mais grave que equivale case o importe da sentenza de Valga, foi o costes pola sentenza da contratación irregular do antigo arquitecto municipal, que viña advertido polos técnicos municipais e polas forzas da oposición, na que o noso Concello, só por unha persoa, tivo que asumir un coste entre cotizacións a Seguridade Social, recargos, costas e intereses e sancións superior os 80.000,00 euros.

Como dixo Cervantes: **“El que vea la mota en el ojo ajeno vea la viga en el suyo”.**

Queremos aproveitar para indicar que estamos a disposición de quen poida precisar aclaración de calquera tipo no teléfono 621859110 e no email [info@ppcaldas.es](mailto:info@ppcaldas.es).

O grupo municipal do **PARTIDO POPULAR (Populares de Caldas de Reis)**



[www.ppcaldas.es](http://www.ppcaldas.es)



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620